

ATEIGADOS Porá en liberdade os considerados como non perigosos antes de que acaben as súas condenas. Poden beneficiarse 2.000 con penas de menos de catro anos. A poboación reclusa superou xa as 81.000 persoas

O Goberno británico manda os presos á rúa para baleirar as celas

Afectaría lles a estafadores, ladróns e traficantes de drogas, pero non ós que protagonizaron crimes violentos ou sexuais

Efe - Londres

O Goberno británico dispónse a anunciar un polémico plan para pór en liberdade os presos considerados como non perigosos antes de que acaben de cumprir as súas condenas para aliviar os ategidos cárceres deste país.

Fontes do servizo de prisións dixeron á BBC que a poboación penitenciaria de Inglaterra e Gales-Escocia manexa as súas propias cifras -superou por vez primeira a cifra das 81.000 persoas.

Segundo informou o diario británico *The Times*, ata 2.000 presos condenados a menos de catro anos de cárcere poderían beneficiarse desta medida anunciada.

Entre eses presos figurarían, segundo indicou o mencionado xornal, "ladróns, estafadores e traficantes de droga", pero non persoas

condenadas por crimes violentos ou de tipo sexual.

A oposición conservadora afirma, pola súa parte, que eses plans do Goberno laborista supoñen unha ameaza para a seguridade pública e son un intento de resolver un asunto espiñento antes de que Gordon Brown suceda a Tony Blair como primeiro ministro, o 27 de xuño.

Acúsanos de non facer nada en contra do amoreamento

A este respecto, o secretario xeral adxunto da asociación nacional de funcionarios encargados da liberdade vixilada, Harry Fletcher, acusa o Executivo de non facer nada en nove anos para previr o amoreamento de reos nos cárceres.

Este mesmo luns, a Asociación de Gobernadores de Prisións propuxo pór en liberdade os reos unha semana antes de que terminen de cumprir as súas condenas e utilizar as celas de comisarías para aliviar as prisións de tanto ategamento.

Pola súa parte, Gordon Brown anunciou recentemente que se dispuxo unha partida de diñeiro para crear 8.000 novas prazas carcelarias o próximo ano. ●

CON REPATRIACIÓNS

Caso semellante en Ecuador

Ecuador prepara a repatriación dos presos de nacionalidade colombiana que hai neste país e que cumpriron a metade da súa pena, segundo informou unha fonte da Presidencia. Esta mesma semana o presidente Rafael Correa debe asinar un decreto de emerxencia para mellorar as condicións do sistema penitenciario do país que prepara o ministro de Goberno, Gustavo Larrea.

O 21 de maio, nunha visita á Penitenciaría do Litoral na cidade costeira de Guayaquil, Correa anunciou que declararía en emerxencia os cárceres do país, nos que existe un enorme amoreamento e non reúnen condicións de habitabilidade. Nos cárceres de Ecuador hai uns 16.000 reclusos, dos que uns 10.000 son preventivos e sen sentenza, informou Correa

METEOGALICIA A media en Ferrol está entre os 25 e os 50 litros por metro cadrado, pero no que vai de mes contabilizaron xa 125

As chuvias de xuño en Galicia duplican os valores normais

As precipitacións en Galicia no que vai do mes de xuño duplican nalgúns casos os valores climatolóxicos normais, mentres que as temperaturas, ata agora, apenas difiren das habituais nesta época do ano. Segundo informaron a fontes do servizo Meteogalicia, os datos de precipitacións no que vai de mes apuntan a que xa se superou o nivel normal de choivas en xuño nas principais localidades galegas. Así, segundo o centro de predición, ata agora pode falarse na maior parte das zonas de tempo moi húmido. En Lugo a media climatolóxica de choivas en xuño é entre 17 e 42 litros por metro cadrado, cando caeron, polo menos, ata onte, 72,8 litros.

Igualmente, en Ferrol o normal sería que caesen entre 25 e 50 litros e xa se contabilizaron 125. Mentres, na estación de Lourizán, en Pontevedra, os valores normais situaríanse entre 39 e 66 litros e xa hai 112,8.

Mentres, en Ourense o parámetro normal sería entre 20 e 35 litros, cando se rexistraron 75,8 ata onte ás oito da mañá. En Santiago, os valores normais serían de entre 35 e 55 litros e caeron 101,3. Respecto das temperaturas, as citadas fontes de

Meteogalicia indican que apenas se notaron cambios sobre as medias normais. En Lugo, a media normal é de 16,9 graos centígrados mentres no que vai de mes foi de 16,12. En Ferrol, a temperatura media sería de 16,9 e no que vai de mes sitúase lixeiramente por encima, un 17,5. No entanto, os últimos anos en xuño houbo valores moi altos, o que pode dar a sensación de que este ano a temperatura baixou moito.

Meteogalicia prevé que a partir do próximo sábado mellore a situación e o tempo sexa estable, coas reservas dunha predición de máis dunha semana.

A reserva hidráulica está ó 64,7% da súa capacidade total, con 35.013 hectómetros cúbicos (hm³) de auga encorada, o que representa unha diminución de 115 hm³ (o 0,2%) con respecto ós niveis da semana anterior. No entanto, os encoros teñen 6.000 hectómetros máis que o ano pasado nestas mesmas datas, cando a reserva ascendía a 28.985 hm³.

Polo que respecta ás conchas da nosa comunidade, a de Galicia Costa atopase ó 77,3 por cento, mentres que a Norte I, que engloba o sur de Galicia e norte de León) é 83,9%. ● AXENCIAS

INVESTIGACIÓN Polo aumento de horas de traballo e a deterioración das relacións sociais

EEUU: menos felices que hai trinta anos

Os estadounidenses son menos felices hoxe do que eran hai 30 anos, debido á maior cantidade de horas de traballo e á deterioración na calidade das súas relacións con amigos e veciños, revelou un estudo italiano, recollido pola axencia de noticias Reuters.

Os investigadores destacaron dúas forzas importantes que impulsan a felicidade: o maior ingreso e as mellores relacións sociais. O equipo concluíu que unha

persoa sen amigos ou relacións sociais cos veciños tería que gañar 320.000 dólares máis cada ano que alguén que si ten eses vínculos para rexistrar o mesmo nivel de felicidade.

Aínda que o ingreso estadounidense medio aumentou nos últimos 30 anos, a súa achega á felicidade viuse amplamente superada pola redución na calidade das relacións por mor dun aumento da soledade. ● REDACCIÓN



LIBRE O DETIDO POLO TRIPLO CRIME DE BURGOS

A investigación policial sobre a morte a coiteladas dun matrimonio e o seu fillo de 12 anos en Burgos proseguirá, tras a decisión xudicial de posta en liberdade do único fillo vivo da parella, R.B.D.R. -na imaxe-, unha semana despois da súa detención como presunto autor

material do triplo crime. Así o asegurou onte a subdelegada do Goberno, Berta Tricio. A decisión de posta en liberdade foi tomada o luns e a tarde a petición da Fiscalía, que nos procedementos xudiciais de menores actúa como instrutora dos casos. ● FOTO: RICARDO SUÁREZ